

O GRUPO “EDITORES DE COMPOSTELA” ACODE POR VEZ PRIMEIRA Á FEIRA DO LIBRO DE LALÍN

- No seu stand poranse á venda preto de **100 títulos** dos catro selos editoriais que integran esta asociación: **POSITIVAS, ALVARELLOS, URCO e SOTELO BLANCO.**
- Obras de todos os xéneros, moitas delas difíciles de atopar nas canles habituais de comercialización, e a prezos moi asequibles, dende os **5 €**

Santiago de Compostela, xoves 19 de abril de 2012.- O grupo Editores de Compostela, integrado por Alvarellos Editora, Urco Editora, Sotelo Blanco e Edicións Positivas, terá stand propio na Feira do Libro de Lalín que se celebra na capital do Deza durante catro días, entre mañá venres e o próximo luns día 23.

Os catro selos editoriais porán á venda preto de cen títulos distintos dos seus propios catálogos. Obras de todos os xéneros —ensaio, poesía, literatura infantil e xuvenil, novela, banda deseñada—, e moitas delas nada doadas de atopar nas canles habituais de comercialización. Así mesmo, o stand terá un apartado para **libros en oferta**, onde se poderán mercar exemplares **desde 5 euros.**

“Editores de Compostela” é una asociación que naceu en Santiago en abril de 2010 coa finalidade de reunir a pequenas e medianas empresas do mundo da edición con sede na capital de Galicia, e cun obxectivo claro: o fomento da lectura, da cultura e dos libros.

Ata agora, as accións conxuntas dos editores de Compostela se circunscribían á cidade de Santiago. A presenza na Feira do Libro de Lalín marca un punto de arranque e difusión do traballo destas catro editoras, iniciativa que continuará coa participación do Grupo noutros eventos e feiras por Galicia e fóra dela.

Saúdos,
Área de Comunicación de Editores de Compostela
editoresdecompostela@gmail.com
Contacto Prensa: 609 90 88 52 / 660 397 064